#decidamostodo

Decidamos sobre
as nosas vidas,
poñamos a economía
ao servizo da xente.

# Referendo para decidir sobre a VIVENDA E AS ELÉCTRICAS

**para participar e apoiar a campaña entra en :**

**www.decidamostodo.org**

anticapitalistas
galiza

**Que é máis importante agora que regular o mercado eléctrico e o acceso á vivenda?** As empresas eléctricas privadas (Iberdrola, Endesa, Gas Natural...) e os fondos voitres e bancos (A Caixa, Blackstone, Santander, Cerberus, Goldman Sachs...) seguen aumentando os seus beneficios en tempos de crises. **Eles deciden todos os días sobre onde e como vivimos, especulando até con subministracións básicas como a enerxía.**

Preguntámonos, **por que non someter a referendo estas cuestións** expondo unha consulta que mostre o apoio ou rexeitamento popular a que as vivendas en mans de fondos voitres pasen a ser de propiedade pública?, por que non someter a referendo se as eléctricas deben pasar a ser propiedade social, tal e como a Constitución tamén permite? **É hora de que decida a maioría.**

## 22.532 DESAFIUZAMENTOS 1º semestre 2021

## O 51% dos ingresos mensuais destínase a PAGAR o ALUGUER

## A LUZ subiu 4 veces máis que os soldos e 6 máis que as pensións desde 2018

## BENEFICIOS ELÉCTRICAS 1º semestre 2021

**IBERDROLA 1.531 mill. € ENDESA 832 mill. € NATURGY 484 mill. €**

**ESTÁS DE ACORDO CON QUE O GOBERNO POÑA EN MARCHA A LEXISLACIÓN NECESARIA PARA ASUMIR A PROPIEDADE SOCIAL DAS GRANDES EMPRESAS ELÉCTRICAS E DAS VIVENDAS BALEIRAS DE BANCOS E FONDOS DE INVESTIMENTO A TRAVÉS DAS SEGUINTES MEDIDAS?**

- [x] **Socialización das vivendas existentes en mans de grandes empresas privadas** (bancos, fondos de investimento e inmobiliarias) mantendo ás súas mesmas inquilinas naquelas que estean habitadas actualmente.

- [x] **Xestión destas vivendas cunha orientación ás necesidades e non aos beneficios privados**, é dicir, garantindo o dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada tal e como fixa o Artigo 47 da Constitución Española.

- [x] **Administración a través de medios democráticos do parque de vivendas**, así como prohibición da reprivatización das devanditas vivendas.

- [x] **Socialización das grandes empresas eléctricas privadas,** atendendo ao interese xeral tal e como fixa o Artigo 128 da Constitución Española, reorientando os seus beneficios actuais á creación de emprego vinculado a unha transición ecolóxica xusta e a redución da factura da luz.